

1

Curso alto do río Pontiñas



O paseo do río Pontiñas é sempre moi boa opción para dar comezo a moitos roteiros pois vaise permitir unha vez máis facer a saída dende o centro da Lalín sen pisar o asfalto. Nesta ocasión o roteiro irá cara o lago do auditorio, para xa dende allí adentrarnos nos camiños.

"Escoitarremos o son dos regatos entre carballeiros e vexetación de ribeira"

2

San Cristovo da Pena



O comezo do roteiro pasa por San Cristovo da Pena que foi unha das antigas parroquias da xurisdicción de Deza ata o método do presente século, no que pasaría a formar parte de Xoxán. Nada queda da súa igrexa, tan só o recorde.

"Hai un sepulcro labrado nunha pena, que dende sempre os veciños coñecen como a tumbacelta."

3

Lousas megalíticas



No contexto dos traballos arqueolóxicos previos á execución dunha obra (unha liña eléctrica de media tensión), localizáronse unhas lousas con gravados na zona de Fonte Tourón, en Lalín. Trátase dunhas lousas que presentan uns gravados do estilo propio do megalitismo e que agora forman parte dos lindes das fincas nas que se atopan. (Fonte: Laboratorio do Patrimonio, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento CSIC)

[Fotografía Fono de Vigo]

"Aínda perviven restos de arte megalítico no Campo do Malato"

4

A Veiga, peto de ánimas



Os petos de ánimas son sinxelos monumentos populares que están asociados a idea do purgatorio. A súa finalidade é ofrecer esmolas de todo tipo ás ánimas do purgatorio para que poidan alcanzar o ceo; en compensación, unha vez liberadas, estas intercederán por quienes realizaron as ofrendas.

[Foto: Inventario dos crucíferos de Lalín. Cecilia Díaz de Regueira]

"O peto de ánimas da Veiga é o único caso que se coñece en Galicia dos chamados "petos eucarísticos" por ser o cáliz e maita hostia a única representación gráfica do retabulo"

5

Igrexa de Alperiz



A igrexa de Alperiz é do século XIII. Aínda conserva a portada, varios canzorros e algún elemento do interior. Perdeuse a ábsida románica e unha figura pétrea de San Pedro que ao parecer presidia o altar. Unha doazón ao mosteiro de Oseira no 1247 fala de Sancti Petri de Alperiz.

"A forma do timpán, o tipo de aleiro, o apuntamento do arco e as decoracións vexetais indican que se trata dun edificio tardío de finais do século XII ou comezos do XIII"

Altar do Sol




O conxunto megalítico de Alperiz está integrado, entre outras, polas chamadas "Mámoas da Cruz". As Mámoas da Cruz están formadas por seis túmulos más o nomeado como Altar do Sol, que pode verse na fotografía. Dos sete elementos deste conxunto, na actualidade perviven únicamente tres. Este conxunto está catalogado como BIC.

6

7

Parada, igrexa e castro



O nome de Parada alude a un alto no camiño real antes da ponte dos caballos ou despois de atravesala. Tamén fai referencia a "parata" ou imposto que debía de pagarse para pasar pola ponte, neste caso a Ponte dos Caballos. A igrexa parroquial parece que tivo outro emprazamento distinto ao actual preto do Castro de Parada.

"Para cruzar pola Ponte dos Caballos había que pagar o pontádego"

Ponte dos Caballos



A Ponte dos Caballos é unha ponte medieval que serve para cruzar o río Armeo e comunica as dúas beiras deste río entre os lugares de Parada, no Concello de Lalín, e Gurgueira, no Concello de Agolada. Esta ponte, hoxe case esquecida, foi en tempos un paso estratégico. Ata ela chegaba un camiño empedrado, que áinda hoxe se pode ver en varios tramos.

8

"mencionase a existencia dunha inscrición nun sillar da ponte sinalaba o ano 970 como data fundacional"